

CATÁLOGO

CAMPAMENTOS DE TURISMO

EDITA

XUNTA
DE GALICIA

Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Economía, Industria e Innovación

ELABORA

Secretaría Xeral Técnica

DESEÑO/MAQUETACIÓN

Gráficas Garabal S.L.
José Pías Sanahuja

ANO DE EDICIÓN

2023

LUGAR

Santiago de Compostela

CAMPAMENTOS DE TURISMO

Consellería de Economía, Industria e Innovación
Secretaría Xeral Técnica

ÍNDICE

1. Introdución	07
Antecedentes. Lei de simplificación administrativa e de apoio á reactivación económica de Galicia	08
Catálogos	08
Campamentos de turismo. Concepto	09
Esquema do proceso	11
2. Trámites para a posta en marcha dun campamento de turismo. Resumo do proceso	13
3. Actuacións previas	17
Trámites preliminares	18
Requisitos xerais	23
Informe potestativo previo	26
4. Autorización de apertura e clasificación turística	27
5. Rexistro de empresas e actividades turísticas	31
6. Modificacións e cambios de clasificación	33
Modificacións substanciais	34
Modificacións non substanciais	36
7. Tramitación municipal	39
Posibilidade de presentar consultas previas ante o concello	40
Aboamento dos tributos que procedan, de ser o caso	40
Obras destinadas ao desenvolvemento dunha actividade	40
Presentación de comunicación previa ao inicio da actividade sen realización de obras	46
Cambios de titularidade da actividade ou establecemento	47
8. Requisitos no funcionamento	49
9. Anexo. Requisitos segundo a clasificación de campamentos	51
Instalacións	52
Equipamentos	53
Servizos	53

1. Introducción

Antecedentes Lei de simplificación administrativa e de apoio á reactivación económica de Galicia

O Parlamento de Galicia aprobou recentemente a [Lei 9/2021, do 25 de febreiro, de simplificación administrativa e de apoio á reactivación económica de Galicia](#).

Esta lei ten por **obxecto** establecer as medidas necesarias para facilitar a reactivación da actividade económica tras a crise xerada polas consecuencias da pandemia da Covid-19, no marco das competencias da Comunidade Autónoma de Galicia, desde unha perspectiva de **simplificación administrativa que favoreza a implantación e o funcionamento das iniciativas empresariais en Galicia**.

O título II da lei regula os sistemas de apoio administrativo á implantación de iniciativas empresariais, e divídese en tres capítulos. O capítulo I crea o **Sistema de Atención ao Investimento**, como unha figura clave para lle dar resposta á demanda clásica da cidadanía en xeral, e dos colectivos vinculados á empresa en particular, sobre as dificultades existentes para obter a información e a orientación que precisan para poñer en marcha as súas iniciativas empresariais, a través dun servizo de acompañamento e información que **ofrece a posibilidade de realizar a tramitación administrativa autonómica e mesmo tamén a local, nos supostos de adhesión dos concellos a este**.

Catálogos

Como medida de apoio á implantación das iniciativas empresariais, destaca no capítulo I a referencia á creación dunha serie de **catálogos** aprobados polo Consello da Xunta de Galicia. No punto 1 do artigo 14 especificácase que, a través do Sistema de Atención ao Investimento, se poderá acceder de maneira gratuíta aos **"catálogos en que se recollan de forma clara e por orde cronolóxica todos os trámites administrativos exixibles e as actuacións necesarias para a implantación das iniciativas empresariais, incluídos os de competencia municipal dos concellos adheridos ao Sistema de Atención ao Investimento"**.

Estas figuras, que deberán actualizarse permanentemente, supoñen unha gran simplificación para as empresas e, en particular, para as persoas emprendedoras, que poderán consultar os trámites que lles serán exixidos pola Administración autonómica, o que supón facilitar a comprensión, a planificación e a tramitación da parte administrativa.

Campamentos de turismo. Concepto

Tal como se recolle na Lei 9/2021, cada un dos catálogos debe sinalar os trámites necesarios para a constitución e posta en marcha das diferentes iniciativas empresariais.

O **obxecto deste documento** será a actividade de **campamento turístico**, de acordo coa definición recollida na Lei 7/2011, do 27 de outubro, do turismo de Galicia, e no Decreto 159/2019, do 21 de novembro, polo que se establece a ordenación dos campamentos de turismo.

Tal como se establece no artigo 27.21 do Estatuto de autonomía, a Comunidade Autónoma de Galicia ten atribuída a competencia en materia de promoción e ordenación do turismo no seu ámbito territorial. A Lei 7/2011, do 27 de outubro, de turismo de Galicia, recolle os diferentes tipos de establecementos turísticos, entre os cales se atopan os campamentos de turismo.

Neste catálogo enténdese como campamento turístico o establecemento de aloxamento turístico que, ocupando un espazo de terreo debidamente delimitado e dotado das instalacións e dos servizos que se fixen regulamentariamente, estea destinado a facilitar a estadia temporal en tendas de campaña, caravanas, autocaravanas ou calquera elemento semellante facilmente transportable, así como doutras instalacións estables destinadas ao aloxamento temporal que sexan explotadas pola mesma persoa titular do campamento.

Cómpre indicar que se entende por instalacións estables, destinadas ao aloxamento temporal, aquelas instalacións de elementos fixos prefabricados de madeira ou similares tipo cabana, bungaló ou outros elementos transportables e/ou desmontables, sempre que se trate de edificacións independentes ou acaroadas, de planta baixa.

Dentro deste concepto non se inclúen aloxamentos como os campamentos xuvenís, albergues, centros e colonias de vacacións escolares ou as áreas provisionais de acampada para eventos culturais, recreativos ou deportivos.

En función das instalacións, equipamentos e servizos ofertados, os campamentos de turismo pódense clasificar en cinco categorías:

- Cinco estrelas
- Catro estrelas
- Tres estrelas
- Dúas estrelas
- Unha estrela

No Decreto 159/2019 recóllense todos os requirimentos de instalacións, equipamentos e servizos para seren clasificados nas diferentes categorías, información que se presenta no anexo 1 deste documento. Todo campamento turístico ten que ser clasificado nunha das cinco categorías.

De xeito opcional e complementario á clasificación, o establecemento poderá solicitar algunha das seguintes especialidades:

1. Campamento de turismo verde

Debe contar con algunha das seguintes certificacións:

- Norma UNE 184001:2007 Cámpings e cidades de vacacións.
- Etiqueta ecolóxica da UE aos servizos de campamento de turismo.
- Marca de calidade turística española concedida polo Instituto para a Calidade Turística Española.
- Sistema comunitario de xestión e auditoría ambiental e a inscrición no rexistro EMAS.
- Norma UNE-EN ISO 14001:2004 Sistemas de xestión ambiental.


2. Campamento de turismo temático

As instalacións e os servizos responden a un tema ou materia específica que os identifique e diferencie do resto de establecementos (cultural, deportivo ou outra circunstancia). Deberán especificar claramente nos seus soportes de comunicación a temática que os diferencie, estando pendente o seu desenvolvemento regulamentario.

3. Campamentos para caravanas e autocaravanas

Son os campamentos que están reservados para uso exclusivo de vehículos vivenda (autocaravanas e camper) ou vehículos análogos, nos cales está prohibida a instalación de tendas de campaña ou instalacións fixas ou móbiles para o aloxamento de persoas usuarias. Cómpre sinalar que ten uns requirimentos específicos recollidos no artigo 36 do Decreto 159/2019, do 21 de novembro.

Esquema do proceso



2. Trámites para a posta en marcha dun campamento de turismo

Resumo do proceso

Este catálogo fai referencia principalmente ao procedemento para a **autorización de apertura e clasificación turística dos campamentos de turismo ou cámping** a que se refire o artigo 66 da Lei 7/2011, do 27 de outubro, do turismo de Galicia, no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia.

No esquema do proceso recóllense tamén outros procedementos accesorios ou vinculados á tramitación do citado, como son:

- TU984P. Informe potestativo previo. Fai referencia a un informe sobre os requisitos mínimos de infraestrutura e servizos necesarios para a autorización destes establecementos.
- TU984M. Modificacións substanciais dos campamentos de turismo. Son cambios que afectan a clasificación turística do establecemento, unha vez que xa foi autorizado.
- TU984N. Comunicación de baixa ou modificacións non substanciais dos campamentos de turismo. Fai referencia á situación de cesamento da actividade e resto de modificacións non contempladas no procedemento anterior.

Neste catálogo non se recollen os trámites relativos á constitución da empresa, que implican a dotación de personalidade xurídica e a capacidade para contratar. Estes trámites, de carácter xeral para a constitución de calquera empresa, fan referencia á forma xurídica da empresa e á súa seguridade xurídica, mercantil, fiscal e laboral, para poder desenvolver a súa actividade. Tampouco se recollen os relativos ao ámbito da prevención de riscos laborais.

O procedemento para obter a **autorización de apertura e clasificación turística dos campamentos de turismo ou cámping** implica unha serie de trámites:

- 1. Solicitude dun informe potestativo previo**, que garanta o cumprimento dos requisitos mínimos de infraestruturas e servizos necesarios. Realizárase ante a área provincial da Axencia de Turismo de Galicia onde radique o establecemento de turismo, é un procedemento voluntario. Este informe vincula a Administración actuante, sempre e cando non se varíen as circunstancias trasladadas no momento da súa petición ou ben se produzan cambios na normativa turística. A solicitude do informe deberá ir acompañada dunha documentación específica. Na tramitación municipal o concello, de oficio, poderá solicitar tamén este informe. Non é suficiente a súa obtención para a apertura dos campamentos de turismo.
- 2. Solicitude de autorización de apertura e clasificación turística.** É un requisito previo para o desenvolvemento da actividade a obtención da autorización de apertura e clasificación, que será outorgada pola Axencia de Turismo de Galicia. Implica a presentación dunha documentación determinada entre a cal se atopa o título administrativo habilitante do Concello ou as autorizacións sectoriais pertinentes. A instrución do expediente correspóndelle á área provincial da Axencia de Turismo.
- 3. Resolución de apertura e clasificación.** Instruído o expediente, elevarase á Dirección da Axencia de Turismo para que dite a resolución procedente. O prazo de resolución é de tres meses desde a presentación da documentación completa no rexistro. Se neste prazo non se produce resolución expresa, entenderase que a solicitude foi estimada. A clasificación implica a asignación a unha categoría determinada en función da documentación presentada na solicitude de autorización.
- 4. Inscripción no Rexistro de Empresas e Actividades turísticas da Comunidade Autónoma de Galicia.** Por último procederá a Administración, de oficio, a incluír no dito rexistro o citado campamento de turismo.

Realizado este proceso, poderase exercer a actividade, o cal non exime do cumprimento doutros aspectos relacionados co marco normativo e sectorial de referencia.

Calquera modificación en relación coas circunstancias que motivaron a concesión da autorización será comunicada á área provincial da Axencia de Turismo de Galicia, motivando tal situación. Se as modificacións afectan a clasificación turística ou implican modificacións substanciais, será necesaria unha autorización expresa da Dirección da mencionada Axencia. Seguirase o procedemento establecido para tal efecto (TU984M). No resto dos casos (TU984N) só se exixirá comunicación á área de Turismo competente, para proceder esta á actualización no REAT. Nos dous casos os prazos de resolución son os mesmos que para a autorización: 3 meses.

No caso de cesamento, a persoa titular comunicará tal situación á área provincial de turismo, motivando esta mediante un informe. Este trámite será enviado á Dirección da Axencia, que procederá á súa anotación no REAT. De non facer este trámite a persoa titular, poderá realizalo de oficio a Administración, tras audiencia previa da persoa interesada, e sen prexuízo das responsabilidades que deriven.

3. Actuaciones previas

Trámites preliminares

O primeiro paso que debe dar a persoa promotora para a implantación dun campamento de turismo é **comprobar o réxime urbanístico que resulta de aplicación na parcela ou edificación na que pretende a implantación da dita actividade**.

Así, de conformidade co disposto no artigo 87.2 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia:

“Toda persoa ten dereito a que o concello correspondente a informe por escrito sobre o réxime e condicións urbanísticas aplicables a un terreo concreto ou ao sector, polígono ou ámbito de planeamento no que se atope incluído. Esta información deberá facilitarse nun prazo que non poderá exceder de 2 meses dende a presentación da solicitude no rexistro municipal”.

En función da localización concreta da actividade e da clasificación urbanística do solo segundo o planeamento urbanístico aplicable e a normativa urbanística vixente, resultarán diferentes esixencias, de aí que esa información deba ser facilitada polo concello respectivo, con carácter previo á realización de ningún outro trámite, aos efectos de **determinar a viabilidade urbanística da actuación**.

Réxime xurídico xeral do solo rústico

O artigo 35.1.d) da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, e 50.1 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento que a desenvolve, contempla entre **os usos admisibles no solo rústico** os campamentos de turismo coas obras, servizos e instalacións previstas na normativa vixente en materia de turismo, así como zonas especiais de acollida de autocaravanas e caravanas en tránsito, conforme o establecido en dita normativa.

A implantación dos campamentos de turismo resulta admisible no solo rústico previa obtención do título habilitante municipal de natureza urbanística.

Nos terreos clasificados como solo rústico de especial protección deberán solicitarse a autorización ou informe favorable do órgano que ostente a competencia sectorial correspondente con carácter previo á obtención do título habilitante municipal de natureza urbanística.

Informes ou autorizacións sectoriais


A información sobre as afeccións sectoriais que resultan aplicables a unha parcela pode consultarse por calquera persoa interesada no **Plan básico autonómico de Galicia**, que constitúe unha ferramenta dinámica que resulta indispensable para plasmar sobre o territorio a complexa realidade da normativa sectorial e que permite á cidadanía dispoñer de toda a información relevante dende o punto de vista territorial, actualizada e de acceso universal, en todo o ámbito da nosa Comunidade Autónoma.

O visor do Plan Básico Autonómico de Galicia pode consultarse a través da seguinte ligazón:

<http://mapas.xunta.gal/visores/pba/>

En todo caso, sinálanse a continuación as autorizacións ou informes sectoriais máis habituais en relación coa actividade de campamento turístico:

1. No caso da implantación do campamento de turismo na zona de servidume de protección do dominio público marítimo-terrestre, precisarase a **autorización sectorial autonómica en materia de costas**.

Autorización sectorial preceptiva: Servidume de protección de costas - Dirección xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo 	
Órgano responsable	Consellería responsable en materia de costas (Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo - Vicepresidencia Segunda e Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda).
Descrición	<p>Requirirán autorización autonómica sectorial en materia de costas as obras, instalacións e actividades promovidas por persoas físicas e xurídicas distintas da propia Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e entidades do sector público autonómico que, con carácter ordinario, constitúen usos permitidos na zona de servidume de protección do dominio público marítimo-terrestre segundo a lexislación estatal de costas.</p> <p>Os usos e actuacións referidos deberán ser conformes co plan urbanístico e co réxime xurídico que, segundo o tipo de solo en que se desenvolvan, se establece na lexislación urbanística e na normativa sectorial que, se é o caso, resulte de aplicación.</p>
Documentación	<ol style="list-style-type: none">1. As persoas interesadas deberán achegar, coa solicitude, a seguinte documentación:<ul style="list-style-type: none">• Referencia catastral da parcela obxecto da obra, instalación ou actividade solicitada.• Certificación municipal de cualificación urbanística do solo.• Documentación acreditativa da propiedade ou dispoñibilidade dos terreos, mediante calquera medio de proba admisible en dereito.• Plano de deslinde definitivo ou, se é o caso, plano de definición provisional da liña de deslinde a escala 1/1.000, efectuado ou autenticado polo órgano correspondente da Administración do Estado, no cal deberá figurar representada a localización e a ocupación exacta da actuación solicitada.• Información fotográfica na cal se incluírán fotografías da contorna.• Xustificante de pagamento da taxa correspondente.2. Para o caso de obras maiores, deberá achegarse, ademais da sinalada no punto 1, a seguinte documentación:<ul style="list-style-type: none">• Proxecto básico das obras ou instalacións, suscrito por persoal técnico competente.• Memoria xustificativa e descritiva con anexos, se é o caso, que deberá recoller as características da instalación e outros datos relevantes, tales como criterios básicos do proxecto, programa de execución dos traballos e, se é o caso, o sistema de evacuación de augas residuais.• Planos de situación a escala adecuada.• Plano topográfico do estado actual, a escala non inferior a 1/1.000.• Planos de alzados e seccións características.• Planos de planta xeral, con representación do deslinde, límite interior da ribeira do mar, servidume de tránsito e de protección.3. Para o caso de obras menores, deberá achegarse, ademais da sinalada no punto 1, a seguinte documentación:<ul style="list-style-type: none">• Memoria explicativa das obras, con expresión das súas características, uso previsto e orzamento destas detallado por partidas.• Planos de definición, incluíndo alzados e sección características.• En caso de peche, bosquejo da obra, con indicación de medidas.• Plano de perfil e topográfico da parcela, escala 1:500, estado previo e estado definitivo.


Documentación		4. No caso de eventos ou instalacións temporais destinadas á celebración de espectáculos públicos e actividades recreativas ou deportivas: <ul style="list-style-type: none"> • Memoria descriptiva do evento, das instalacións e duración máxima destas. • Planos de definición en planta das actuacións, a escala mínima 1:5.000.
Obrigatorio	Si	Nos casos descritos.
Prazo		Cinco meses para a resolución da autorización.
Trámite en liña	Si	A través da sede electrónica da Xunta de Galicia.
Presencial	Si	Rexistro da Xunta de Galicia ou calquera outro dos previstos na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas .
Normativa		<ul style="list-style-type: none"> • Lei 22/1988, do 28 de xullo, de costas. • Real decreto 876/2014, de 10 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral de costas.

2. No caso da implantación do campamento de turismo en bens de interese cultural ou catalogados ou no seu contorno de protección, precisarase a **autorización sectorial autonómica en materia de patrimonio cultural**.

Autorización sectorial preceptiva de Patrimonio Cultural	
Órgano responsable	<p>Dirección Xeral de Patrimonio Cultural.</p> <p>Consellería responsable en materia de patrimonio cultural (Dirección Xeral de Patrimonio Cultural - Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades).</p>
Descrición	<p>As intervencións que se pretendan realizar en bens de interese cultural ou catalogados, así como, de ser o caso, no seu contorno de protección ou na súa zona de amortecemento, terán que ser autorizadas pola consellaría competente en materia de patrimonio cultural, coas excepcións que se establecen na lei 5/2016 do patrimonio cultural.</p> <p>A utilización dos bens declarados de interese cultural ou catalogados quedará subordinada a que non se poñan en perigo os valores que aconsellan a súa protección, polo que os cambios de uso substanciais deberán ser autorizados pola consellaría competente en materia de patrimonio cultural.</p>
Documentación	<p>As persoas interesadas deberán achegar, coa solicitude, a seguinte documentación:</p> <p>a) Plano de situación da actuación nun formato vectorial xeorreferenciado e PDF, no que se recolla:</p> <ul style="list-style-type: none"> • unha cartografía base a escala 1/10.000 ou 1/5.000 actualizada (a Base Topográfica de Galicia (BTG) preferiblemente) nunha contorna mínima de 50m a cada lado da parcela obxecto da actuación. • as clases de solo recollidas no planeamento. • o ben protexido cos seus ámbitos de protección. • a delimitación da parcela afectada.

Documentación		<p>b) Proxecto técnico cando pola natureza ou alcance da obra sexa esixible ou memoria descriptiva da actuación: estado actual, sistemática do traballo, proposta de estado final previsto, materiais a utilizar e técnicas de execución. Especificación das características estéticas e construtivas das edificacións e construcións existentes no contorno da actuación proxectada, indicando os materiais a empregar, cores, texturas e a xustificación técnica da súa elección.</p> <p>c) Orzamento da actuación a executar detallado por partidas (cando non se requira como documento do proxecto técnico).</p> <p>d) Fotografías do elemento protexido, do elemento sobre o que se vai actuar e do contorno conxunto de ambos.</p>
Obrigatorio	Si	Nos casos descritos.
Prazo		Cinco meses para a resolución da autorización.
Trámite en liña	Si	A través da sede electrónica da Xunta de Galicia.
Presencial	Si	Rexistro da Xunta de Galicia ou calquera outro dos previstos na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas .
Normativa		<ul style="list-style-type: none"> • Lei 5/2016, do 4 de maio do patrimonio cultural de Galicia.

3. No caso de que sexa necesaria a realización dalgunha intervención ou obra nas edificacións existentes nun campamento de turismo antes da entrada e vigor da Lei de costas, deberá presentarse, antes da obtención do título habilitante municipal de natureza urbanística, unha declaración responsable:

Declaración responsable por obras en servidume de protección de costas - Dirección xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo 	
Órgano responsable	Vicepresidencia Segunda e Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda (Dirección xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo - Servizo Provincial de Urbanismo da Xefatura Territorial correspondente).
Descrición	<p>Execución de obras de reparación, mellora, consolidación e modernización, sempre que non impliquen aumento de volume, altura ni superficie das construcións existentes, nos termos previstos na disposición transitoria cuarta da Lei de costas e na normativa de desenvolvemento:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Obras e instalacións que lexitimamente ocupen a servidume de protección do dominio público marítimo-terrestre con anterioridade a entrada en vigor da Lei 22/1988, de 28 de xullo, de costas e que resulten contrarias ao establecido en dita lei. • Obras e instalacións que, como consecuencia de modificación, por calquera causa, da zona de servidume de protección do dominio público marítimo-terrestre, pasen a estar emprazadas na mesma, de conformidade co sinalado no artigo 44.5 do Real decreto 876/2014, do 10 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral de costas.

Contido		<p>No modelo normalizado a persoa declarante, declara:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Que as obra a executar son obras de reparación, mellora, consolidación ou modernización. • Que non suporán un aumento de volume, altura nin superficie das construcións existentes. • Que a obra supón mellora na eficiencia enerxética do inmovible, no seu caso, nos termos indicados na disposición transitoria cuarta da Lei 22/1988, do 28 de xullo, de costas. • Que os mecanismos, sistemas, instalacións e equipamentos que se emprace supoñen aforro enerxético no consumo de auga, no seu caso. • Que todos os datos contidos na solicitude e nos documentos que se aportan ou se que se declaran estar en posesión son certos. <p>Así mesmo, a persoa declarante manifestara estar en posesión da seguinte documentación:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Documentación que acredite a propiedade ou dispoñibilidade sobre o inmovible no que se pretenda actuar, mediante calquera medio de proba válido en dereito. • Proxecto técnico das obras cando sexa esixible, de acordo co establecido na normativa vixente, o, de non ser esixible, memoria descritiva das obras con expresión das súas características, uso previsto, presuposto detallado e, no seu caso, planos de definición, incluíndo alzados e seccións características; no caso de obras de escasa entidades, bosquejo das mesmas. • Certificados de eficiencia enerxética, no seu caso. • Xustificación, no seu caso, de que os mecanismos, sistemas, instalacións e equipamentos empregados supoñen aforro enerxético efectivo no consumo de auga.
Obrigatorio	Si	Nos casos en que non sexa preceptiva autorización autonómica na realización das obras.
Prazo		Deberá ser presenta con anterioridade á solicitude do título habilitante municipal de natureza urbanística e, en todo caso, no prazo de 1 mes antes do inicio das obras.
Trámite en liña	Si	A través da sede electrónica da Xunta de Galicia.
Presencial	Si	Rexistro da Xunta de Galicia ou calquera outro dos previstos na Lei 39/2015, do 1 de outubro , do procedemento administrativo común das administracións públicas.
Normativa		<ul style="list-style-type: none"> • Lei 22/1988, de 28 de xullo, de costas. • Real decreto 876/2014, de 10 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral de costas. • Decreto 97/2019, do 18 de xullo, polo que se regulan as competencias da Comunidade Autónoma de Galicia na zona de servidume e protección do dominio público marítimo terrestre.

Todo isto sen prexuízo da posible existencia de outras autorizacións ou informes sectoriais como poderían ser os de: patrimonio cultural, augas, paisaxe, patrimonio natural, estradas, etc.

Consulta previa en materia paisaxística

A persoa promotora da actividade recollida no presente catálogo deberá realizar unha consulta previa ao Instituto de Estudos do Territorio (IET) sobre a necesidade de redactar un Estudo de Impacto de Integración paisaxística (EIIP).

Neste trámite de consulta previa a persoa promotora achegará unha memoria técnica da actividade a desenvolver xunto coa localización ou situación das instalacións e especificacións construtivas das edificacións ou elementos vencellados á futura actividade en materia de deseño, cores e materiais a empregar nos acabados exteriores.

A normativa de aplicación será a Lei 7/2008, do 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia, o Decreto 96/2020, do 29 de maio, polo que se aproba o seu Regulamento e o Decreto 238/2020, do 29 de decembro, polo que se aproban as Directrices da Paisaxe de Galicia.

Este trámite de “Consulta previa” solo é preceptivo si o futuro campamento se sitúa nalgunha das Áreas de Especial Interese Paisaxístico (AEIP) ou nos “Espazos de Interese Paisaxístico” do Plan de Ordenación Litoral (POL)”. No caso de que o futuro campamento estivera afectado polas condicións sinaladas no paragrafo anterior a persoa promotora deberá redactar un Estudo de Impacto de Integración paisaxística (EIIP) que recollerá o indicado na normativa de aplicación seguinte:

- [Lei 7/2008, do 7 de xullo](#), de protección da paisaxe de Galicia.
- Decreto 96/2020, do 29 de maio, polo que se aproba o seu Regulamento.
- Decreto 238/2020, do 29 de decembro, polo que se aproban as Directrices da Paisaxe de Galicia.

A persoa promotora terá especial coidado nas especificacións construtivas das edificacións para adaptarse a contorna da paisaxe e de todos aqueles elementos vencellados á futura actividade en materia de deseño, cores e materiais a empregar nos acabados exteriores, para o que pode empregar como referencia as “Guías de Boas Prácticas” editadas polo Instituto de Estudos do Territorio na materia que corresponda.

Requisitos xerais

Ademais de cumprir as obrigas que deriven das disposicións vixentes en materia de accesos, accesibilidade, construción e edificación, instalación e funcionamento da maquinaria, protección e prevención contra incendios forestais, inundacións, contaminación acústica e calquera outra normativa que sexa de aplicación, e procurar a integración co medio natural, os campamentos de turismo teñen que cumprir diferentes requisitos xerais recollidos no capítulo II (artigos 4 a 15) do Decreto 159/2019, do 21 de decembro:

Elementos	Características
Superficie e capacidade (art. 5)	<ul style="list-style-type: none">• Unha ou varias parcelas contiguas entre si onde se sitúen a totalidade dos servizos comúns e con acceso a eles. A superficie mínima será de cinco mil metros cadrados cando se sitúe/n en solo rústico, e deberá instalarse nunha única parcela.• Poderá destinarse ata un máximo do 75% a zona de acampada. A zona de acampada con instalacións estables non poderá ser superior ao 50% da superficie total do campamento de turismo.• A capacidade do campamento de turismo virá determinada polo número de prazas asignado, que deberá respectar, en todo caso, a superficie mínima por persoa en función da categoría.
Zona de acampada (art. 6)	<ul style="list-style-type: none">• A superficie da zona de acampada estará dividida en parcelas de terreo destinadas á instalación dos diferentes elementos do campamento. Cada parcela terá convenientemente sinaladas, mediante fitos, marcas ou separacións vexetais, os seus límites e o número que lle corresponda.• As instalacións estables tipo bungaló ou <i>mobil home</i> deberán contar polo menos con conexión de subministración eléctrica e toma de auga apta para o consumo humano. A capacidade das instalacións estables non poderá ser inferior a 6 m² por praza e un máximo de 8 prazas. Deberán contar, ademais, con aseo propio e ventilación directa. Non poderán ocupar máis do 80% da superficie total da parcela.

Zona de acampada (art. 6)

- No caso de instalacións estables distintas das anteriores, como cabanas nas árbores, flotantes e, en xeral, aquelas que non encaixen na tipoloxía de bungaló, as dotacións de servizos e espazo exixiranse motivadamente atendendo ás súas circunstancias concretas.
- Poderase permitir, por solicitude da persoa interesada, que se deixe sen parcelar ata un 20% da superficie da zona de acampada. Nesta zona unicamente se permitirá a ocupación de pequenas tendas de campaña, garantindo, en todo caso, unha ratio mínima de 12 m² por campista.
- A ordenación do campamento de turismo deberá preverse de forma que as instalacións estables e non estables se sitúen en zonas diferenciadas, debidamente separadas e identificadas.
- A zona de estacionamento de vehículos poderá dispoñerse nun lugar distinto ao previsto para o aloxamento.
- En determinados casos, as parcelas non terán que contar coa previsión de superficie reservada para o estacionamento de vehículos.

Limitación da disposición de parcelas e instalacións estables (art. 7)

- Prohíbese a venda de parcelas e instalacións estables destinadas ao aloxamento temporal, así como o seu alugueiro cando exceda o tempo máximo permitido.
- Malia a prohibición anterior, a comercialización e promoción das zonas destinadas a instalacións estables poderá facerse a través de empresas de intermediación.

Valamento (art. 8)

- Os campamentos de turismo deberán estar pechados en todo o seu perímetro.
- Integración harmónica co contorno e a paisaxe dos pechos a través do emprego de cores e materiais.

Accesos e vías interiores (art. 9)

- Condicións e dimensións axeitadas para o tránsito con seguridade de vehículos e peóns. Largo mínimo de 3,5 m nun só sentido e 6 m os de dobre sentido.
- A circulación rodada non superará a velocidade máxima de 10 km/h.

Sistemas de seguridade e protección (art. 10)

- Plan de emerxencia e evacuación nos termos establecidos polo específico réxime xurídico que o delimite; deberá realizarse polo menos un simulacro anual deste.
- Se pola súa capacidade o campamento de turismo estivese dentro do ámbito da normativa vixente reguladora da exixencia de redacción de normas básicas de autoprotección, deberá dispoñer do dito plan nos termos establecidos na lexislación vixente.
- Deberán garantirse, como mínimo, as seguintes medidas de seguridade:
 - a) Extintores de po antibrasa de 6 kg de capacidade, un por cada vinte parcelas ou fracción.
 - b) Luces de emerxencia nos lugares previstos para a saída de persoas ou vehículos en caso de incendio.
 - c) Plano do terreo onde figuren extintores e saídas de emerxencia.
 - d) En zonas forestais deberán cumprirse as disposicións que ditan os organismos competentes para a prevención de incendios forestais.
 - e) Só se poderá autorizar a cociña á grella ou á prancha en zonas habilitadas.
 - f) As portas situadas nas vías de evacuación abriranse no sentido de saída ou ben en dobre sentido.
 - g) A almacenaxe de materiais líquidos, especialmente de botellas de gas, non se poderá efectuar sen as correspondentes medidas de seguridade.
 - h) Os traballos que se deban realizar e poidan supoñer riscos de incendio, sobre todo o transporte de materiais inflamables e a soldadura, requirirán a autorización expresa previa por escrito.
 - i) O persoal do campamento de turismo deberá coñecer o uso dos extintores e realizar, como mínimo unha vez ao ano, ao comezo da tempada, exercicios prácticos de extinción de incendios.
 - j) Garantir a dispoñibilidade de auga para o suposto de emerxencia acorde coa capacidade e características do campamento de turismo.
- Certificación subscrita por persoal técnico competente da vixencia e cumprimento dos plans de emerxencia ou autoprotección, de ser o caso, ao inicio de cada tempada turística, así como a data e resultados do simulacro realizado.

Instalación eléctrica (art. 12)

- Determinarase en función das parcelas con toma, instalación e servizos. En todo caso, deberase garantir unha capacidade mínima de 660 vatios por parcela e día.
- O campamento de turismo dispoñerá dun sistema de iluminación de emerxencia.
- Contará cun sistema de iluminación nocturna en lugares estratéxicos que permita o tránsito polo campamento de turismo.
- A rede de distribución interior deberá estar soterrada e prohíbense os tendidos aéreos.
- O proxecto de instalación eléctrica do campamento de turismo deberá contar coa inscrición correspondente na consellería competente en materia de industria.

Subministración de auga (art. 13)

- Subministración mediante enganche ás redes xerais existentes.
- De non existir tal posibilidade, poderase realizar mediante o recurso a pozos ou mananciais e contar con depósitos de reserva.
- Deberá acreditar que o establecemento está sometido a vixilancia pola autoridade sanitaria competente, de acordo co referido no artigo 39 do [Real decreto 3/2023, do 10 de xaneiro](#), polo que se sinalan os criterios técnico sanitarios da calidade da auga de consumo, o seu control e subministración.
- No caso de subministración de auga apta para o consumo humano mediante pozos ou mananciais, o titular do establecemento deberá acreditar a súa potabilidade.
- Os puntos de subministración e/ou fontes de auga apta para o consumo humano deberán estar debidamente sinalizados mediante os correspondentes rótulos.
- No caso de uso de augas non aptas para o consumo humano destinadas a outros usos, os puntos de utilización das ditas augas deberán estar debidamente sinalizados.
- Deberán cumprir os criterios hixiénico-sanitarios para a prevención e control da lexielose, de conformidade co disposto no [Real decreto 487/2022, do 21 de xuño](#), polo que se establecen os requisitos sanitarios para a prevención e control da lexielose.

Augas residuais (art. 14)

- O tratamento e evacuación de augas residuais do campamento de turismo deberá efectuarse mediante enganche ás redes xerais existentes.
- De non existir tal posibilidade, deberase instalar un sistema de depuración propio que cumpra coa normativa vixente na materia.

Tratamento e recollida de lixo (art. 15)

- Contar cos colectores necesarios para efectuar a recollida selectiva de lixo na forma prevista nas ordenanzas municipais do concello respectivo, ou, na súa falta, no sistema previsto para esa zona polo Plan de xestión de residuos urbanos de Galicia.
- Os colectores situaranse en lugar non visible e nunha localización o máis afastada posible da zona de acampada.

Hai que indicar que estes requisitos xerais deben ser complementados cos requisitos específicos estipulados para optar aos diferentes niveis de clasificación aos que opte a persoa promotora da iniciativa (vexase anexo I).



Órgano responsable

Área provincial da Axencia de Turismo de Galicia.

Descrición

Quen proxecte instalar un campamento de turismo, antes de iniciar calquera tipo de actuación ou trámite ante o concello correspondente, poderá solicitar da área provincial da Axencia de Turismo de Galicia en que radique o establecemento un informe relativo ao cumprimento dos requisitos mínimos de infraestrutura e servizos.

O informe limitarase a sinalar se a proposta é autorizable como campamento de turismo na categoría máis baixa. Ademais, indicará se cumpre para a súa clasificación nunha categoría determinada se o solicitante así o pedira expresamente na súa solicitude.

Ese informe pode ser solicitado polo concello correspondente á Administración da Xunta de Galicia antes de tramitar as licenzas.

Documentación

- Solicitude (anexo III, dispoñible en sede electrónica).
- Plano de situación do campamento a escala 1:2.000, sinalando as vías de comunicación, tipos de edificacións nos arredores, distancia aos núcleos habitados máis próximos e accidentes topográficos máis importantes.
- Plano do campamento a escala 1:500 en que figure a situación das diferentes instalacións, edificacións, vías e superficies debidamente delimitadas e reservadas para zonas de acampada, marcando as correspondentes parcelas e espazos verdes.
- Plano de planta dos diferentes edificios e instalacións estables destinadas a aloxamento temporal, a escala 1:100.
- Memoria asinada polo persoal facultativo competente en que se fagan constar os requisitos técnicos de que dispón o campamento, a idoneidade da localización, certificando que non está afectado por prohibicións ou limitacións de uso que impiden a localización; as instalacións e servizos do establecemento, o cumprimento da normativa vixente en materia de accesibilidade, incendios, asolagamento e ordenación urbanística, así como calquera outra que resulte de aplicación.

Esta documentación presentárase tamén electronicamente, utilizando calquera procedemento de copia dixitalizada do documento orixinal.

Obrigatorio

Si

Prazos

Aberto todo o ano.

Resolución

Dous meses.

Silencio

Non especificado.

Trámite en liña

Si

[Procedemento TU984P.](#)

Presencial

Si


Só no caso de ser unha persoa física.

Normativa


- Decreto 159/2019, do 21 de novembro, polo que se establece a ordenación dos campamentos de turismo. Artigo 19.

4. Autorización de apertura e clasificación turística

Unha vez que a persoa promotora cumpra os requisitos xerais para a posta en marcha dun campamento turístico, antes do inicio e desenvolvemento da actividade cómpre obter a autorización de apertura e clasificación turística.

TU984G - Autorización de apertura e clasificación turística de campamentos de turismo		
Órgano responsable		Axencia de Turismo de Galicia.
Descrición		As persoa físicas e xurídicas solicitarán a autorización de apertura e a clasificación correspondente para as instalacións de campamento turístico.
Documentación		<ul style="list-style-type: none"> • Solicitud (anexo IV, dispoñible en sede electrónica). • No caso de actuar a través de persoa representante, deberase xuntar a documentación acreditativa da suficiencia do poder con que se actúa. Se a titularidade do establecemento corresponde a unha persoa xurídica, escritura de constitución da sociedade e poderes da persoa solicitante para o caso de que non se deduza claramente da escritura social. • Documentación acreditativa da dispoñibilidade dos terreos sobre os cales se proxecta o campamento de turismo e, se for o caso, das instalacións estables. • Certificado expedido por un laboratorio público ou privado, que estea acreditado ou certificado, de que a auga no punto de entrega á persoa consumidora é apta para o consumo, cando se prevexa o uso de auga distinta á procedente da rede de abastecemento municipal. • Documento que acredite a subscrición dun seguro de responsabilidade civil nos termos previstos no decreto 159/2019. • Proxecto técnico asinado por persoa facultativa competente, con planos e memoria, que será o mesmo proxecto que o presentado ante o concello para a obtención da licenza ou título administrativo habilitante, e no cal se identificarán expresamente as zonas e parcelas. • Relación das parcelas numeradas con indicación das súas características, capacidade e superficies respectivas. • Título administrativo habilitante do concello e autorizacións sectoriais que, se for o caso, sexan preceptivas. • Plan de emerxencia e evacuación. • Documento acreditativo do pagamento das taxas correspondentes. • De ser o caso, e en función das características e localización das instalacións, solicitud de dispensa de determinados requisitos relativos a: <ul style="list-style-type: none"> - Conexión a Internet, en zonas onde non exista cobertura. - Reservas de espazo para prazas de aparcadoiro. - Se o campamento está situado en illas ou espazos naturais protexidos declarados. <p>Esta documentación presentarse tamén electronicamente, utilizando calquera procedemento de copia dixitalizada do documento orixinal.</p>
Obrigatorio	Si	
Prazos		Durante todo o ano.
Resolución		3 meses.
Silencio		Positivo.
Trámite en liña	Si	Procedemento TU984G.

Presencial	Non	
Normativa		<ul style="list-style-type: none"> Decreto 159/2019, do 21 de novembro, polo que se establece a ordenación dos campamentos de turismo. Artigo 20, 21, 23. Lei 7/2011, do 27 de outubro, do turismo de Galicia. Artigo 45.

Taxa de autorización de apertura e clasificación turística 		
Órgano responsable		Axencia Tributaria de Galicia.
Descrición		<p>Este procedemento está suxeito ao pagamento da taxa con código 31.19.03.</p> <p>Pódese consultar o seu importe no seguinte enlace:</p> <p>https://www.atriga.gal/es/tributos-da-comunidade-autonoma/taxas-e-prezos/tarifas-vixentes-de-taxas/anexo-3</p> <p>Tarifas vixentes de taxas.</p>
Documentación		Modelo 731 ou modelo de autoliquidación.
Obrigatorio	Si	Requisito documental previo para a autorización de apertura e clasificación turística.
Trámite en liña	Si	Oficina Virtual Tributaria.
Presencial	Si	Imprimir o modelo 731 cuberto ou o modelo de autoliquidación en branco e cubrilo para efectuar o pagamento presencial nunha entidade financeira colaboradora.
Normativa		<ul style="list-style-type: none"> Lei 6/2003, do 9 de decembro, de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia. Anexo III. 37.01. Decreto 159/2019, do 21 de novembro, polo que se establece a ordenación dos campamentos de turismo. Artigo 20.

5. Registro de empresas e actividades turísticas

Unha vez resolto favorablemente o procedemento de apertura e clasificación turística, procederase á inscrición de oficio no Rexistro de empresas e actividades turísticas da Comunidade Autónoma de Galicia.

6. Modificaciones e cambios de clasificación


Os campamentos de turismo deben manter as condicións que motivaron a súa autorización. No caso de modificacións, habilítanse diferentes procedementos en función da súa natureza:

1. Modificacións substanciais. Son todas aquelas que determinan un cambio na clasificación turística do campamento ou outras: cambio de capacidade, colocación de bungalós ou instalacións estables, aumento ou redución da superficie do campamento, etc. Tramítase conforme o procedemento normalizado TU984M.
2. Modificacións non substanciais. Recolle o resto de casos (cambios de titularidade, cambios na escritura social e outros). Tramítase polo procedemento normalizado TU984N.

Modificacións substanciais

TU984M - Modificacións substanciais de campamentos de turismo	
Órgano responsable	Axencia de Turismo de Galicia.
Descrición	Se a modificación determina o cambio de clasificación turística ou outras: cambio de capacidade, colocación de bungalós ou instalacións estables, aumento ou redución da superficie do campamento, etc., considerarase que ten carácter de substancial e requirirá da autorización expresa da dirección da Axencia de Turismo de Galicia tramitada conforme o procedemento previsto.
Documentación	<ul style="list-style-type: none">• Solicitud (anexo V, dispoñible en sede electrónica).• Se a titularidade do establecemento corresponde a unha persoa xurídica, escritura de constitución da sociedade e poderes da persoa solicitante para o caso de que non se deduza claramente da escritura social.• Documentación acreditativa da suficiencia do poder con que actúa a persoa representante, no caso de actuar a través desta.• Documentación acreditativa da dispoñibilidade dos terreos onde se proxecta o campamento de turismo e, se for o caso, das instalacións estables.• Certificado expedido por un laboratorio público ou privado, que estea acreditado ou certificado, de que a auga no punto de entrega á persoa consumidora é apta para o consumo, cando se prevexa o uso de auga distinta á procedente da rede de abastecemento municipal.• Documento que acredite a subscripción dun seguro de responsabilidade civil segundo o disposto neste decreto.• Proxecto técnico asinado por persoa facultativa competente, con planos e memoria, que será o mesmo proxecto que o presentado ante o concello para a modificación que se pretende realizar.• Título administrativo habilitante e autorizacións sectoriais que, se for o caso, sexan preceptivas.• Relación de parcelas numeradas con indicación das súas características, capacidade e superficies respectivas.• Plan de emerxencia e evacuación.• Documento acreditativo do pagamento das taxas correspondentes.

Obrigatorio	Si	
Prazo presentación		Aberto todo o ano.
Prazo de resolución		3 meses.
Silencio		Positivo.
Trámite en liña	Si	Procedemento TU984M.
Presencial	Non	
Normativa		<ul style="list-style-type: none"> Decreto 159/2019, do 21 de novembro, polo que se establece a ordenación dos campamentos de turismo. Artigo 22.

Taxa de modificacións substanciais de campamento turístico		
Órgano responsable		Axencia Tributaria de Galicia.
Descrición		<p>Este procedemento está suxeito ao pagamento da taxa con código 31.19.03.</p> <p>Pódese consultar o seu importe no seguinte enlace:</p> <p>https://www.atriga.gal/es/tributos-da-comunidade-autonoma/taxas-e-prezos/tarifas-vixentes-de-taxas/anexo-3</p> <p>Tarifas vixentes de taxas.</p>
Documentación		Modelo 731 ou modelo de autoliquidación.
Obrigatorio	Si	Requisito documental previo para a autorización de apertura e clasificación turística.
Trámite en liña	Si	Oficina Virtual Tributaria.
Presencial	Si	Imprimir o modelo 731 cuberto ou o modelo de autoliquidación en branco e cubri-lo para efectuar o pagamento presencial nunha entidade financeira colaboradora.
Normativa		<ul style="list-style-type: none"> Lei 6/2003, do 9 de decembro, de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia. Anexo III. 37.01. Decreto 159/2019, do 21 de novembro, polo que se establece a ordenación dos campamentos de turismo. Artigo 22.

Modificacións non substanciais

TU984N - Comunicación de baixa ou modificacións non substanciais dos campamentos de turismo



Órgano responsable

Axencia de Turismo de Galicia.

Descrición

Naqueles casos en que a modificación non determina o cambio de clasificación turística ou outras: cambio de capacidade, colocación de bungalós ou instalacións estables, aumento ou redución da superficie do campamento, etc., considerase como non substancial. O procedemento é o mesmo que a comunicación de baixa da actividade.

Documentación

- Comunicación (anexo VI, dispoñible en sede electrónica).
- Xustificante do pagamento das taxas correspondentes.

Esta documentación presentárase tamén electronicamente, utilizando calquera procedemento de copia dixitalizada do documento orixinal.

Obrigatorio

Si

Prazo presentación

Aberto todo o ano.

Prazo de resolución

3 meses.

Silencio

Positivo.

Trámite en liña

Si

[Procedemento TU984N.](#)

Presencial

Non

Normativa

- Decreto 159/2019, do 21 de novembro, polo que se establece a ordenación dos campamentos de turismo. Artigo 22.



Taxa de modificacións non substanciais de campamento turístico

Órgano responsable		Axencia Tributaria de Galicia.
Descrición		Este procedemento está suxeito ao pagamento da taxa con código 31.19.03. Pódese consultar o seu importe no seguinte enlace: https://www.atriga.gal/es/tributos-da-comunidade-autonoma/taxas-e-prezos/tarifas-vixentes-de-taxas/anexo-3 Tarifas vixentes de taxas.
Documentación		Modelo 731 ou modelo de autoliquidación.
Obrigatorio	Si	Requisito documental previo para a autorización de apertura e clasificación turística.
Trámite en liña	Si	Oficina Virtual Tributaria.
Presencial	Si	Imprimir o modelo 731 cuberto ou o modelo de autoliquidación en branco e cubri-lo para efectuar o pagamento presencial nunha entidade financeira colaboradora.
Normativa		<ul style="list-style-type: none">• Lei 6/2003, do 9 de decembro, de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia. Anexo III. 37.01.• Decreto 159/2019, do 21 de novembro, polo que se establece a ordenación dos campamentos de turismo. Artigo 22.

7. Tramitación municipal

Posibilidade de presentar consultas previas ante o concello

No relativo aos trámites municipais que terá que realizar a persoa promotora, o primeiro que deberá ter en conta, como sinalamos ao comezo, é a necesidade de consultar, con carácter previo, a normativa que teña sido aprobada polo concello onde se pretende desenvolver a actividade, no exercicio da súa potestade regulamentaria.

No caso de que os edificios ou instalacións previstos no proxecto estivesen situados en zonas limítrofes a dous ou máis concellos, resultaría adecuado que a persoa promotora se asegurase de coñecer os límites municipais, coa realización dunha consulta no Instituto Xeográfico Nacional, da liña límite vixente¹.


Para garantir a axeitada presentación da documentación necesaria para o inicio da actividade, as persoas promotoras teñen a posibilidade de formular consultas por escrito ao concello, que deberán ir acompañadas de todos aqueles datos e documentos que permitan identificar claramente a información que lle requiren.

Aboamento dos tributos que procedan, de ser o caso

Resulta especialmente relevante neste intre a **consulta das ordenanzas fiscais** do concello para os efectos de satisfacer os tributos relacionados co establecemento da actividade que, se é o caso, tivesen sido obxecto de acordo de imposición.

Obras destinadas ao desenvolvemento dunha actividade

Na maior parte dos casos, o inicio da actividade precisará de obras que permitan a súa realización, ou que adecúen o establecemento físico onde esta se vai realizar ás características propias dela. De atoparse neste suposto, o primeiro que a persoa promotora deberá saber é que todos os actos de transformación, construción, edificación e uso do solo e do subsolo requiren, para o seu lícito exercicio, **de outorgamento de licenza municipal ou de presentación de comunicación previa no Concello**, en función do acto de que se trate.

Solicitud de licenza municipal para a realización de obras 	
Xestión do trámite	Administración local.
Descrición	<p>Estarán suxeitos a licenza municipal, sen prexuízo das autorizacións que sexan procedentes de acordo coa lexislación sectorial aplicable, os seguintes actos:</p> <ul style="list-style-type: none">• Os actos de edificación e uso do solo e do subsolo que, consonte a normativa xeral de ordenación da edificación, precisen de proxecto de obras de edificación.• As intervencións en inmobles declarados bens de interese cultural ou catalogados polas súas singulares características ou valores culturais, históricos, artísticos, arquitectónicos ou paisaxísticos.• As demolicións, agás as derivadas de resolucións de expedientes de restauración da legalidade urbanística.• Os muros de contención de terras, cando a súa altura sexa igual ou superior a metro e medio.• Os grandes movementos de terras e as explanacións.

¹ As representacións gráficas que presenta o IGN non sempre están actualizadas con técnicas modernas que permitan unha determinación precisa da liña límite legal existente entre algúns concellos. Neste caso a persoa promotora podería solicitar que se realizase unha actualización de dita liña límite que poderían inscribir por iniciativa propia segundo permite ou artigo 17.2 do Real decreto 1545/2007, do 23 de novembro, polo que se regula o Sistema Cartográfico Nacional.

Descrición

- As parcelacións, segregacións ou outros actos de división de terreos en calquera clase de solo, cando non formen parte dun proxecto de reparcelación.
- A implantación de calquera instalación de uso residencial, xa sexa provisional ou permanente.
- A corta de masas arbóreas ou de vexetación arbustiva en terreos incorporados a procesos de transformación urbanística e, en todo caso, cando a dita corta derive da lexislación de protección do dominio público, agás as autorizadas en solo rústico polos órganos competentes en materia forestal.

Todos os actos de ocupación, construción, edificación e uso do solo e do subsolo non sinalados quedan sometidos ao réxime de **comunicación previa urbanística**.

Documentación

A solicitude de licenza conterá os seguintes datos e documentos:

- Datos identificativos da persoa física ou xurídica promotora e, de ser o caso, de quen a represente, así como un enderezo para os efectos de notificacións.
- Descrición suficiente das características do acto de que se trate, que detalle os aspectos básicos deste, a súa localización e a edificación ou inmovible que afecte, así como a súa referencia catastral.
- Xustificante de pagamento dos tributos municipais.
- Ás solicitudes de licenzas que se refiran á execución de obras ou instalacións deberá achegarse proxecto completo redactado por técnico ou técnico competente, na forma e co contido que se indica na normativa aplicable.
- Os proxectos de obras irán acompañados do correspondente oficio de dirección destas, no cal se identificará ao persoal técnico ao cal se lle teñen encomendadas.
- Cando non sexa exixible un proxecto técnico, a solicitude irá acompañada dunha memoria descritiva e gráfica que defina as características xerais do seu obxecto e do inmovible en que se pretenda levar a cabo.
- Documento de avaliación ambiental, no caso de requirila o uso a que vaian destinadas as obras.
- Copia da autorización ou ditame ambiental, así como das restantes autorizacións, concesións ou informes sectoriais cando sexan legalmente exixibles.
- De ser o caso, certificado emitido polas entidades de certificación de conformidade municipal.

As solicitudes de licenza que teñan por obxecto actos de edificación ou de uso do solo ou do subsolo poderán presentarse acompañadas dunha certificación de conformidade coa legalidade urbanística e co planeamento aplicable, emitida por unha entidade de certificación de conformidade municipal.

Cando unha solicitude de licenza urbanística se presente acompañada dunha certificación de conformidade, os informes técnicos e xurídicos municipais sobre a conformidade da solicitude coa legalidade urbanística serán facultativos e non preceptivos.

Dado que a obra ten por obxecto o desenvolvemento dunha actividade, consignarase expresamente esa circunstancia e, xunto coa solicitude da licenza, presentarase a documentación requirida en relación con esta.

Cómpre ampliar esta información consultando a normativa local aplicable en cada caso.

Prazo

As peticións de licenza resolveranse no prazo de **3 meses** desde a presentación da solicitude coa documentación completa no rexistro do concello. Non obstante, cando unha solicitude de licenza urbanística se presente acompañada dunha certificación de conformidade, **o prazo de resolución do procedemento poderá ser de 1 mes**, contado desde a presentación da solicitude coa documentación completa, incluída a certificación de conformidade, no rexistro do concello. Este prazo pode reducirse a 15 días naturais en determinados supostos.

Obrigatorio

Si

Nos casos en que resultase preceptiva en función do acto de que se pretenda realizar.

Trámite en liña

Si

A través das sedes electrónicas municipais.

Normativa

- [Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.](#)
- Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.
- [Lei 9/2021 de simplificación administrativa e apoio á reactivación económica de Galicia.](#)
- Ordenanzas municipais aplicables.

Comunicación previa para a realización de obras**Xestión do trámite**

Administración local.

Descrición

Todos os actos de ocupación, construción, edificación e uso do solo e do subsolo non suxeitos a licenza quedan sometidos ao réxime de comunicación previa urbanística. En particular, sométense ao réxime de comunicación previa:

- A execución de obras ou instalacións menores.
- A utilización do solo para o desenvolvemento de actividades mercantís, industriais, profesionais, de servizos ou outras análogas.
- O uso do voo sobre as edificacións e instalacións de calquera clase.
- A modificación do uso de parte dos edificios e instalacións, en xeral, cando non teñan por obxecto cambiar os usos característicos do edificio nin implantar un uso residencial.
- A extracción de granulados para a construción e a explotación de canteiras, aínda que se produza en terreos de dominio público e estean suxeitos a concesión ou autorización administrativa.
- As actividades extractivas de minerais, líquidos e de calquera outra materia, así como as de verteduras no subsolo.
- A instalación de invernadoiros.
- A colocación de carteis e paneis de propaganda visibles desde a vía pública, sempre que non estean en locais pechados.
- Os cerramentos e valados de predios.

Documentación

A comunicación deberá ir acompañada da seguinte documentación:

- Datos identificativos da persoa física ou xurídica promotora e, de ser o caso, de quen a represente, así como un enderezo para os efectos de notificacións.
- Descrición técnica das características do acto de que se trate ou, se é o caso, proxecto técnico legalmente exixible.
- Manifestación expresa de que a comunicación previa presentada cumpre en todos os seus termos coa ordenación urbanística de aplicación.
- Copia das autorizacións, concesións administrativas ou informes sectoriais cando sexan legalmente exixibles á persoa solicitante, ou acreditación de que se solicitou o seu outorgamento. Para estes efectos, no caso de non se teren emitido os informes no prazo legalmente establecido, acreditarase tal circunstancia.
- Autorización ou documento de avaliación ambiental, no caso de requirila o uso a que se destinen as obras.
- Xustificante de pagamento dos tributos municipais que resulten preceptivos.
- De ser o caso, certificado emitido polas entidades de certificación de conformidade municipal previstas neste regulamento.
- Documento de formalización da cesión, se é o caso.

Documentación

- Data de inicio e finalización das obras.
- Certificado acreditativo da efectiva e completa finalización das obras suscrito por técnico competente, visado polo colexio profesional cando así o exixa a normativa vixente, no caso de comunicación previa de primeira ocupación de edificacións amparadas en licenza de obras que requiran proxecto técnico.
- Documentación xustificativa da posta en funcionamento das instalacións executadas no inmovible de conformidade coa súa normativa reguladora e, de ser o caso, certificación emitida polas empresas subministradoras dos servizos públicos da axeitada execución das acometidas das redes de subministración, no caso de comunicación previa de primeira ocupación de edificacións.

As comunicacións que teñan por obxecto actos de edificación ou de uso do solo ou do subsolo poderán presentarse acompañadas dunha certificación de conformidade coa legalidade urbanística e co planeamento aplicable, emitida por unha entidade de certificación de conformidade municipal:

Dado que a obra ten por obxecto o desenvolvemento dunha actividade, consignarase expresamente esa circunstancia e, xunto coa comunicación previa, presentarase a documentación requirida en relación con esta.

Debe ampliarse esta información consultando a normativa local aplicable en cada caso.

Prazos

No caso das comunicacións previas urbanísticas a persoa promotora, con carácter previo á execución do acto de que se trate, comunicarlle ao concello a súa intención de levar a cabo o acto cunha antelación mínima de quince días hábiles á data en que pretenda comezar a súa execución.

Dentro dos 15 días hábiles seguintes á comunicación, o concello, sen prexuízo da comprobación do cumprimento dos requisitos, poderá declarar completa a documentación presentada ou requirir a reparación das deficiencias que presente, adoptando neste caso, de forma motivada, as medidas provisionais que entenda oportunas, comunicándoas á persoa interesada por calquera medio que permita acreditar a súa recepción.

Con carácter xeral, transcorrido o prazo de 15 días hábiles sinalado, a presentación da comunicación previa cumprindo con todos os requisitos exixidos constitúe título habilitante para o inicio dos actos de uso do solo e do subsolo suxeitos a esta, sen prexuízo das posteriores facultades de comprobación, control e inspección por parte do concello respectivo.

Cando unha comunicación urbanística se presente acompañada dunha certificación de conformidade, habilitará con efectos inmediatos desde a súa presentación no rexistro do concello para a realización do acto que constituía o seu obxecto, sen prexuízo das posteriores facultades de comprobación, control e inspección por parte do concello respectivo.

Obrigatorio

Si

Nos casos en que non sexa preceptiva licenza para a realización das obras.

Trámite en liña

Si

A través das sedes electrónicas municipais.

Normativa

- [Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.](#)
- Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.
- [Lei 9/2021, de simplificación administrativa e apoio á reactivación económica de Galicia.](#)
- Ordenanzas municipais aplicables.

Antes de presentar a solicitude de licenza ou a comunicación previa urbanística, a persoa promotora deberá ter en conta os seguintes aspectos:

- Cando os actos de edificación e uso do solo e subsolo sexan realizados en terreos de dominio público, exixirase que a persoa promotora dispoña das autorizacións ou concesións preceptivas previas outorgadas por parte do titular do dominio público.
- Non se poderá conceder licenza ou presentar comunicación previa urbanística sen que se dispoña do outorgamento previo das autorizacións urbanísticas ou sectoriais doutras administracións públicas, cando sexan procedentes.

Neste sentido, cómpre reiterar que no suposto de que o campamento de turismo se emprace en **solo rústico de especial protección**, de conformidade co establecido no artigo 36.2 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro do solo de Galicia, e dos artigos 51.2 e 63.3 do Decreto 143/2016, de 22 de setembro, polo que se aproba o seu Regulamento, no solo rústico de especial protección **será necesario obter a autorización ou o informe favorable do órgano que teña competencia sectorial correspondente con carácter previo á obtención do título habilitante municipal.**

Asemade, ao tratarse de obras que teñen por obxecto o desenvolvemento dunha actividade, establécese un réxime específico que determina que a persoa promotora **deberá consignar expresamente esa circunstancia** e, xunto coa solicitude de licenza de obra ou coa comunicación previa, presentará a seguinte documentación:

- Os datos identificativos da persoa física ou xurídica titular da actividade ou do establecemento e, de ser o caso, de quen a represente, así como un enderezo para os efectos de recibir notificacións.
- Unha memoria explicativa da actividade que se pretenda realizar que detalle os seus aspectos básicos, a súa localización e o establecemento onde se vai desenvolver.
- O xustificante do pagamento dos tributos municipais que resulten preceptivos.
- Unha declaración da persoa titular da actividade, de ser o caso, subscrita por persoal técnico competente, na que manifieste que se cumpren todos os requisitos para o exercicio da actividade e de que o establecemento reúne as condicións de seguridade, salubridade e as demais previstas no plan urbanístico.
- O proxecto e a documentación técnica que resulte exixible segundo a natureza da actividade ou instalación redactados e asinados por persoa técnica competente.
- A autorización ou declaración ambiental, de ser o caso.
- As demais autorizacións e informes sectoriais que sexan preceptivos.
- De ser o caso, o certificado emitido por unha entidade de certificación de conformidade municipal.

Así, nos casos en que concorran estas dúas circunstancias –a realización da actividade e a execución de obras para o exercicio desta–, as facultades municipais de comprobación, control e inspección exerceranse, nun primeiro momento, en relación coa actividade a que vaia destinada a obra, suspendendo toda actuación administrativa en relación con esta, entrementes a persoa interesada non acredite debidamente o cumprimento dos requisitos legais para o exercicio da actividade.


Logo de rematar a obra, presentarase **comunicación previa para o inicio da actividade ou a apertura do establecemento** sen máis requisitos que os datos de identificación da persoa titular e a referencia da comunicación previa ou a licenza urbanística que amparou a obra realizada e o certificado final de obra asinado por persoal técnico competente, así como cando proceda o certificado acústico:



Xestión do trámite		Administración local.
Descrición		Cando a actividade requira a execución de obras ou instalacións, non se poderán iniciar ou desenvolver as actividades ata que estean as obras ou instalacións totalmente finalizadas e se presente a comunicación previa correspondente ante o concello.
Documentación		<ul style="list-style-type: none"> • Datos de identificación da persoa titular. • Referencia da comunicación previa ou a licenza urbanística que amparou a obra realizada. • Certificado final de obra asinado por técnico/a competente. • Certificado acústico (cando proceda). <p>Debe ampliarse esta información consultando a normativa local aplicable en cada caso.</p>
Obrigatorio	Si	A presentación dunha comunicación previa que cumpra os requisitos exixidos habilita desde o mesmo momento da dita presentación para o inicio da actividade ou a apertura do establecemento a que esta se refira, sen prexuízo das actuacións de verificación e control posterior que establece o concello.
Trámite en liña	Si	A través das sedes electrónicas municipais.
Normativa		<ul style="list-style-type: none"> • Decreto 144/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento único de regulación integrada de actividades económicas e apertura de establecementos. • Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia. • Lei 9/2021, de simplificación administrativa e apoio á reactivación económica de Galicia. • Ordenanzas municipais aplicables.

Presentación de comunicación previa ao inicio da actividade sen realización de obras

Nos casos en que non fose necesario efectuar obras para o inicio da actividade, tras a realización dos trámites sectoriais oportunos en función do tipo de actividade de que se trate, a persoa promotora deberá saber que, con carácter xeral, a instalación, implantación ou o exercicio de calquera actividade económica, empresarial ou profesional **require a presentación por parte da persoa titular da actividade dunha comunicación previa** ante o concello en que se pretenda desenvolver a actividade ou abrir o establecemento.

Comunicación previa para o inicio da actividade sen realización de obras previas 	
Xestión do trámite	Administración local.
Descrición	<p>A instalación, implantación ou o exercicio de calquera actividade económica, empresarial, profesional, industrial ou comercial, así como a apertura dos establecementos destinados a este tipo de actividades, require a presentación por parte da persoa titular da actividade dunha comunicación previa coas seguintes excepcións:</p> <ul style="list-style-type: none">• Exercicio de actividades e apertura de establecementos sometidos a outro réxime de intervención administrativa pola normativa sectorial que resulte de aplicación.• Exercicio de actividades que non estean vinculadas a un establecemento físico.
Documentación	<p>A comunicación deberá ir acompañada da seguinte documentación:</p> <ul style="list-style-type: none">• Os datos identificativos da persoa física ou xurídica titular da actividade ou do establecemento e, de ser o caso, de quen a represente, así como un enderezo para os efectos de notificacións.• Unha memoria explicativa da actividade que se pretenda realizar que detalle os seus aspectos básicos, a súa localización e o establecemento ou establecementos onde se vai desenvolver.• O xustificante do pagamento dos tributos municipais que resulten preceptivos.• Unha declaración da persoa titular da actividade ou do establecemento, de ser o caso, suscrita por persoal técnico competente, de que se cumpren todos os requisitos para o exercicio da actividade e de que o establecemento reúne as condicións de seguridade, salubridade e as demais previstas no plan urbanístico.• O proxecto e a documentación técnica que resulte exixible segundo a natureza da actividade ou instalación. Para estes efectos, enténdese por proxecto o conxunto de documentos que definen as actuacións que se van desenvolver, co contido e detalle que lle permita á Administración coñecer o obxecto delas e determinar o seu axuste á normativa urbanística e sectorial aplicable, segundo o regulado na normativa de aplicación. O proxecto e a documentación técnica serán redactados e asinados por unha persoa técnica competente.• A autorización ou declaración ambiental, de ser o caso.• As demais autorizacións e informes sectoriais que sexan preceptivos.• De ser o caso, o certificado de conformidade emitido polas entidades de certificación de conformidade municipal previstas neste regulamento. <p>Se para o desenvolvemento da actividade ou a apertura do establecemento é precisa a realización dunha obra, a documentación anterior presentarase coa comunicación previa prevista na normativa urbanística ou coa solicitude de licenza de obra.</p> <p>Debe ampliarse esta información consultando a normativa local aplicable en cada caso.</p>

Obrigatorio	Si	No caso da apertura de establecementos, unha copia selada da comunicación previa deberá expoñerse nun lugar visible e de fácil acceso. En todo caso, a persoa titular da actividade deberá dispoñer dunha copia selada da comunicación previa e exhibila cando llo requira unha inspección administrativa ou calquera persoa para a cal se realice a actividade.
Trámite en liña	Si	A través das sedes electrónicas municipais.

A presentación dunha comunicación previa, que cumpra os requisitos exixidos, habilita desde o mesmo momento da presentación para o inicio da actividade ou a apertura do establecemento a que esta se refira, ou desde a data que sinala expresamente a persoa interesada nela, sen prexuízo das facultades dos concellos para o establecemento e a planificación das actuacións de verificación e control posterior.

Unha vez recibida unha comunicación previa, o concello verificará de oficio:

- A súa propia competencia.
- Se se trata do medio de intervención legalmente indicado para a actividade ou o establecemento.
- Se a comunicación previa contén os datos e a documentación exixidos.

Se os datos ou a documentación presentados coa comunicación previa están incompletos ou tivesen calquera outra deficiencia emendable, o concello concederalle á persoa que a presentou un prazo de reparación de 10 días. Non obstante, no caso de que as deficiencias detectadas non resulten emendables ou non se emenden no prazo outorgado, ou cando o concello determine que non lle corresponde a competencia para a recepción da comunicación previa ou que a actividade ou o establecemento a que esta se refire está sometido a outro réxime de intervención administrativa, iniciarase de oficio o procedemento de declaración de ineficacia da comunicación previa.

Cambios de titularidade da actividade ou establecemento

O cambio de titularidade da actividade ou do establecemento deberá comunicarse por escrito ao concello e á área provincial de Turismo, de forma que, neste caso, sen prexuízo do que determine a normativa local aplicable en cada caso, a comunicación previa deberá incluír unicamente:

- Os datos identificativos da nova persoa titular.
- A referencia do título habilitante inicial e, de ser o caso, dos que se tramitasen para posteriores cambios de titularidade ou modificacións da actividade ou do establecemento.

A responsabilidade do cumprimento dos requisitos administrativos a que estivese sometida a actividade ou o establecemento trasladarase á nova persoa titular a partir do momento en que o cambio de titularidade se fixese efectivo, con independencia da data en que se leve a cabo a comunicación do cambio de titularidade.

8. Requisitos no funcionamento

Os campamentos de turismo deben contar cos seguintes elementos dentro do seu funcionamento cotián:

1. Distintivo. Será obrigatoria a súa exhibición na entrada principal e na recepción, así como no grafismo e publicidade da empresa. Recollerá a clase de establecemento segundo a clasificación por estrelas e, de ser o caso, a especialidade. Exemplos:



2. Regulamento de réxime interno. Documento onde se recollen, entre outros elementos, as normas do establecemento cara ás persoas usuarias e sobre o uso das instalacións.
3. Período de funcionamento. Debe ser comunicado á delegación provincial correspondente da Axencia de Turismo de Galicia. Fóra dese período, o campamento non poderá desenvolver actividades de campamento.
4. Seguro de responsabilidade civil. Debe cubrir todo o período de funcionamento e alcanzar todos os danos corporais, materiais e prexuízos económicos que poida causar a actividade.
5. Información. Debe estar dispoñible na recepción do establecemento para a consulta das persoas usuarias. Nela debe figurar o seguinte:
 - Autorización de apertura e clasificación turística (expedida pola Axencia de Turismo de Galicia), a capacidade e os símbolos de calidade normalizados.
 - Período anual de funcionamento.
 - Plano do campamento, en que conste a situación e os límites de cada unha das parcelas, así como a numeración correspondente e a localización dos diferentes servizos.
 - Lista de prezos dos diferentes servizos.
 - Certificado de que a auga no punto de entrega ás persoas consumidoras é apta para o consumo ou, se for o caso, indicación de que a auga do campamento conta con abastecemento a través da rede municipal.
 - Información dos horarios de funcionamento dos distintos servizos e o horario de descanso e silencio, que terán unha duración mínima de oito horas, dentro do período comprendido entre as 23.00 e as 9.00 horas.
 - Aviso da existencia de follas de reclamación de turismo á disposición da clientela.
 - Réxime de uso de servizos e instalacións e, se for o caso, o Regulamento de réxime interior.
 - Plano de situación dos elementos de seguridade contra incendios e rutas de saída do campamento de turismo no caso de emerxencia.

A maiores desta información e para os efectos de control polas forzas de seguridade, deberá estar dispoñible na recepción un rexistro de entradas e saídas. Ademais, e para disposición do persoal inspector de turismo, deberá estar dispoñible un libro de visitas da inspección turística.

9. Anexo. Requisitos segundo a clasificación de campamentos

Instalacións

Estrelas		5*****	4****	3***	2**	1*
Prazas	Superficie mínima por persoa en zona de acampada	23 m ²	20 m ²	18 m ²	16 m ²	14 m ²
Parcelas	Delimitación das parcelas	Separadas por sebes, pantalla vexetal ou outros elementos que faciliten a intimidade	Separadas por sebes, pantalla vexetal ou outros elementos que faciliten a intimidade	Separación con fitos ou marcas	Separación con fitos ou marcas	Separación con fitos ou marcas
	Parcelas con conexión de subministración eléctrica	75%	50%	35%	25%	10%
	Tomas de auga apta para consumo	1/80 prazas	1/90 prazas	1/100 prazas	1/110 prazas	1/120 prazas
Vías interiores	Compactación	Compactación e asfaltado, con sistema de drenaxe, salvo nos casos derivados de limitacións impostas pola normativa sectorial	Grava miúda ou similar	Grava miúda ou similar	Grava miúda ou similar	Grava miúda ou similar
Aseos, non incluídos nas cabanas, casas móbiles ou bungalós (as reservas son sempre dun para homes e outro para mulleres)	Lavabos auga quente muller/home	1/24 prazas	1/32 prazas	1/40 prazas	1/45 prazas	1/50 prazas
	Duchas independentes, con porta, espazo para vestidor e auga quente. Separación muller/home	1/30 prazas	1/40 prazas	1/45 prazas	1/50 prazas	1/60 prazas
	Inodoros independentes con porta. Separación muller/home	1/20 prazas	1/30 prazas	1/40 prazas	1/45 prazas	1/50 prazas

Equipamentos

Estrelas	5*****	4****	3***	2**	1*
Piscina exterior	Si	Si	Non	Non	Non
Piscina climatizada	Si	Non	Non	Non	Non
Parque infantil	Si	Si	Non	Non	Non
Salón de lecer ou xogos	Si	Si	Non	Non	Non
Instalacións deportivas	Si	Si	Non	Non	Non
Fontes ou puntos de toma de auga apta para o consumo a menos de 100 metros de cada parcela	Si	Si	Si	Si	Non
Lavadoras automáticas	Si	Si	Non	Non	Non
Lavalouzas	Si	Non	Non	Non	Non
Secadoras e ferro de pasar	Si	Si	Non	Non	Non
Escurredoiros 75% con auga quente	1/60 prazas	1/60 prazas	1/70 prazas	1/75 prazas	1/80 prazas
Lavadoiros 75% auga quente	1/65 prazas	1/65 prazas	1/60 prazas	1/70 prazas	1/75 prazas

Servizos

Estrelas	5*****	4****	3***	2**	1*
Restaurante	Si	Non	Non	Non	Non
Cafetaría/bar	Si	Si	Si	Non	Non
Bar	Non	Non	Non	Si	Non
Máquina expendedora de comida/ bebida	Non	Non	Non	Si	Si
Supermercado	Si	Si	Non	Non	Non
Tenda de venda de produtos primeira necesidade	Non	Non	Si	Si	Si
Internet	Ordenadores con conexión á internet e áreas de conexión sen fíos	Ordenadores con conexión á internet e áreas de conexión sen fíos	Conexión á internet	Conexión á internet	Conexión á internet
Programa de animación	Si	Si	Non	Non	Non
Servizo de gardaría	Si	Non	Non	Non	Non
Servizo de recepción: atención telefónica	Si	Si	Si	Si	Si
Servizo de recepción: atención presencial	Si	Si	Non	Non	Non

Este documento foi redactado, con fins meramente informativos, pola Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Economía, Industria e Innovación, a modo de consulta e simplificación da normativa aplicable, polo que o seu contido non é vinculante.

Toda a información presente neste catálogo está recollida da lexislación vixente no momento da súa publicación, e debe ser interpretada sempre a teor dela, polo que o catálogo é un documento suxeito a continua evolución.

